Anexo I

Tabla salarial
Categorías / grupos / oficios; Salarios 2019 Mensual; Salarios 2019 Anual
Grupo I: dirección
Director/a general de empresa; 1.474; 22.110
Gerente de empresa; 1.460; 21.90
Grupo II: técnicos/as
Titulado/a de grado superior; 1.336; 20.040
Titulado/a de grado medio; 1.250; 18.750
Contable; 1.045; 15.675
Grupo III: jefes/as y encargados/as
Jefe/a de sección o departamento; 1.294; 19.410
Encargado/a de sección o departamento; 1.018; 15.270
Grupo IV: administración
Oficial administrativo e informático; 1.018; 15.270
Auxiliar administrativo/a; 962; 14.430
Grupo V: Ventas
Vendedor/a comercial viajante; 1018; 15.270
Dependiente/a; 962; 14.430
Grupo VI: profesionales y especialistas
Profesional de oficio de 1ª; 962; 14.430
Profesional de oficio de 2ª; 908; 13.620
Chófer vehículos pesados 1ª; 962; 14.430
Chófer vehículos ligeros 2ª; 908; 13.620
Profesional de oficio de 3ª; 908; 13.620
Mozo/a especializado; 908; 13.620
Otros conceptos:
Dieta completa: 38
Mitad de dieta: 11
Kilometraje (euros kilómetro): 0,2

R. 1.117

IV. ENTIDADES LOCAIS
IV. ENTIDADES LOCALES

A Bola

Edicto

Ao estar próximo a vencer o período de catro anos do mandato do xuíz de paz deste termo municipal, anúnciase concurso por este Concello para proceder á elección dos devanditos cargos co fin de propoñer o seu nomeamento ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Por iso, os que desexen optar ao devandito nomeamento para o mandato dos próximos catro anos deberán presentar ante esta Alcaldía a súa solicitude no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial de esta Provincia, na que deberán manifestar que reúnen todas as condicións e requisitos de idoneidade esixibles, acompañando unha fotocopia compulsada do seu documento nacional de identidade, certificado de carecer de antecedentes penais e a declaración complementaria de non se achar incurso en ningún proceso xudicial; así mesmo, poderán achegar á súa solicitude a xustificación de cantos méritos crean precisos que queiran alegar para o desempeño do cargo.

Calquera outra información complementaria será facilitada nas dependencias municipais, durante as horas hábiles de oficina.

A Bola, 10 de maio do 2019. A alcaldesa.

Edicto

Estando próximo a vencer el período de cuatro años del mandato del juez de paz de este término municipal, se anuncia concurso por este Ayuntamiento para proceder a la elección de dichos cargos con el fin de proponer su nombramiento al Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Por ello, quienes deseen optar a dicho nombramiento para el mandato de los próximos cuatro años, habrán de presentar ante esta Alcaldía su solicitud en el plazo de quince días hábiles contados a partir del siguiente al de publicación de este edicto en el Boletín Oficial de esta Provincia, en la que habrán de manifestar que reúnen todas las condiciones y requisitos de idoneidad exigibles, acompañando una fotocopia compulsada de su documento nacional de identidad, certificado de carecer de antecedentes penales y la declaración complementaria de no hallarse incurso en ningún proceso judicial; asimismo, podrán adjuntar a su solicitud la justificación de cuantos méritos crean precisos que quieran alegar para el desempeño del cargo.

Cualquier otra información complementaria le será facilitada en las dependencias municipales, durante las horas hábiles de oficina

A Bola, 10 de mayo de 2019. La alcaldesa.

R. 1.328

Castrelo do Val

Edicto

Unha vez que quedou definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza reguladora da limpeza e valado de terreos e soares, procédese á publicación do acordo provisional adoptado no Pleno Municipal, na sesión do 7 de marzo de 2019, que se eleva a definitiva ao non presentarse reclamacións, así como o texto integro da dita Ordenanza, cumprindo co disposto no artigo 17.3 e 4 da Lei reguladora das facendas locais.

Transcríbese o acordo así como a Ordenanza fiscal íntegra.

Modificación da Ordenanza Municipal Reguladora da Limpeza e Valado de Terreos e Soares.

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1.

No exercicio das facultades outorgadas aos concellos polo artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade e en desenvolvemento do disposto na lexislación urbanística vixente sobre deberes dos propietarios en materia de conservación de bens inmobles en condicións de seguridade, salubridade e ornato público; este Concello acorda establecer a Ordenanza municipal reguladora da limpeza e valado de terreos e soares nos termos que se farán constar nas súas disposicións.

Artigo 2.

A presente disposición ten a natureza de ordenanza de policía urbana e de construción, non estando ligada a unhas directrices de planeamento concreto, xa que se refire a regular aspectos de salubridade, de seguridade e puramente técnicos.

Artigo 3.

Están suxeitos ao cumprimento desta Ordenanza os soares e terreos clasificados como solo urbano ou solo de núcleo rural polo planeamento municipal vixente. Igualmente, suxéitanse ás condicións de limpeza de terreos, que nelas se prevén, as parcelas rústicas lindeiras co solo urbano ou de núcleo rural e con edificacións en parcelas de solo rústico que lle fora concedida licenza, nunha franxa que virá determinada pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou calquera outra que a substitúa ou modifique.

Artigo 4.

Enténdese por valado de terreos, a efectos de esta ordenanza, todas aquelas obras exteriores de nova planta, de natureza non permanente, que se limiten a levar a cabo o simple cerramento físico do terreo de que se trate por razóns de seguridade.

Capítulo II

Limpeza de terreos dentro do núcleo urbano

Artigo 5.

O alcalde dirixirá á policía rural e sanitaria (ou persoal nomeado para o efecto), exercendo a inspección e control do estado de toda clase de terreos que estean dentro da delimitación dos núcleos de poboación do concello, coa finalidade de comprobar o cumprimento das condicións esixibles.

Artigo 6.

Queda prohibido botar lixo ou residuos de calquera clase nos soares e terreos suxeitos ás prescricións da presente ordenanza, tanto de propiedade pública como privada.

Así mesmo, non se permitirá que nos terreos sen edificar e que non teñan ningunha clase de cultivo agrícola, se deixen crecer malezas, herbas, árbores resinosas, acacias, eucaliptos, chopos, mimosas, carqueixas, fentos, breixos, toxos, xestas, silvas e calquera clase de vexetais que fagan que os terreos presenten un estado claro de abandono.

Artigo 7.

Os propietarios de toda clase de terreos e construcións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, residuos, cascallos, ou maleza vexetal.

Artigo 8.

Coñecida a situación de mal estado de conservación ou limpeza dun terreo ou soar incluído no ámbito da presente Ordenanza, ben sexa por denuncia de particular ou por iniciativa do propio Concello, o alcalde incoará o procedemento administrativo correspondente co obxecto de determinar o estado de limpeza e conservación do inmoble e resolver o procedente, requirindo a emisión dos informes técnicos e xurídicos oportunos, e unha vez evacuados estes, concedendo aos interesados un prazo de audiencia.

Á vista do expediente tramitado, o alcalde resolverá ordenando a execución dos labores de limpeza e amaño precisos a conta do titular do inmoble afectado, concedendo un prazo mínimo de quince días e máximo de dous meses, atendendo á magnitude dos labores de limpeza e amaño ordenados, ou ben declarando a non procedencia das ditas operacións de limpeza, amaño ou conservación.

No suposto de incumprimento da orde de execución por parte do interesado no prazo concedido, procederase á execución subsidiaria ou á execución forzosa, logo de apercibimento, mediante a imposición de multas coercitivas das que a contía oscilará entre 300 euros e 6.000 euros, xustificando o seu importe en función das circunstancias que concorran. As multas coercitivas reiteraranse ata acadar a completa execución do ordenado impoñéndose unha nova multa coercitiva por cada mes de atraso no incumprimento, multa da que o importe será a da inmediatamente anterior incrementado nun 25%, sen que en ningún caso poidan exceder do límite xeral de 3.000 euros. Sen prexuízo disto, a administración poderá optar en calquera momento pola execución subsidiaria.

Non será necesario o apercibimento previo á execución forzosa cando na notificación da resolución que conteña a orde de execución se advirta expresamente ao interesado da posibilidade de recorrer aos medios de execución forzosa no caso de incumprimento, especificando o contido e efectos dos ditos medios de execución.

As multas coercitivas non terán carácter sancionador, senón o de medios de execución forzosa das ordes de execución da Alcaldía.

Os expedientes sancionadores que se incoen por comisión da infracción establecida no artigo 13 da presente Ordenanza terán carácter independente dos previstos neste artigo.

Capítulo III

Do valado de terreos aptos para a edificación

Artigo 9.

Os propietarios de terreos suxeitos á aplicación das prescricións da seguinte ordenanza deberán mantelos valados, mentres neles non se realicen obras de nova construción, salvo que, en canto aos núcleos rurais se refire, nestes terreos se desenvolvan actividades de calquera clase de cultivo agrícola.

Os cerramentos ou valos que se establezan, en toda clase de solo, e, en particular no solo rústico de especial protección, serán acordes co contorno e, en ningún modo poderán lesionar o valor específico que se queira protexer.

Nos lugares de paisaxe aberta e natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que os cerramentos ou valados limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, romper a harmonía da paisaxe ou descifrar a perspectiva propia deste.

Artigo 10.

O valado ou cerramento de terreos en solo urbano será material opaco cunha altura de 2 m, revogado e pintado, e se é lindeiro coa vía pública, deberá seguir a liña de edificación, de acordo co que ao respecto informen os servizos técnicos municipais.

Artigo 11.

Tanto o valado de terreos situados dentro do casco urbano dos núcleos de poboación do municipio como o valado de fincas rústicas considérase obra menor e está suxeito á obtención do título habilitante correspondente.

Capítulo IV

Infraccións e sancións

Artigo 12.

O incumprimento das ordes de execución de limpeza ou cerramento de inmobles adoptadas ao abeiro da presente ordenanza constitúe infracción urbanística leve, de conformidade co artigo 158.4 da Lei do solo de Galicia.

Artigo 13.

A infracción á que se refire o artigo anterior poderá ser sancionada con multa de 300 a 6.000 euros cun mínimo do 2 por cento do valor da obra ou actuación de limpeza das que fose ordenada a realización, de conformidade co establecido no artigo 392.1.a) do Regulamento da Lei do solo de Galicia (Decreto 143/2016, do 22 de setembro).

En calquera caso o órgano competente para sancionar as infraccións por incumprimento das prescricións da presente ordenanza será o Alcalde.

Artigo 14.

Serán consideradas persoas responsables da infracción tipificada no artigo 12 os propietarios dos inmobles que incumpran as ordes de execución ditadas pola Alcaldía ao abeiro da presente ordenanza.

Artigo 15.

A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e disposicións que a desenvolvan.

Artigo 16.

A Alcaldía, co obxecto de desenvolver e concretar as normas de actuación que contén esta Ordenanza, poderá ditar os bandos que estime convenientes en aplicación desta Ordenanza, en xeral, para o exercicio das competencias municipais e para a protección do interese público dimanante das materias reguladas

Capítulo V

Disposicións comúns sobre procedemento

Artigo 17.

As resolucións ditadas pola Alcaldía nos procedementos regulados na presente Ordenanza serán inmediatamente executivas, agás no caso das resolucións sancionadoras, e porán fin á vía administrativa, séndolles de aplicación o réxime de recursos establecido no artigo 52 da Lei 7/85 do 2 de abril e na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 18.

Cando sobre un mesmo terreo concorran as circunstancias de carácter do valado ou cerramento esixido, e de carácter das condicións de limpeza, seguridade, salubridade e ornato público a que se refire esta Ordenanza, incoarase un único expediente para a resolución de ambas as dúas cuestións.

No suposto de que xa se atopasen abertos dous procedementos sobre un mesmo inmoble, un relativo á limpeza e outro ao valado, poderán acumularse nun único expediente en calquera momento da súa tramitación anterior ao trámite de audiencia.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno do Concello e cando sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Edicto

Una vez que quedó definitivamente aprobada la modificación de la Ordenanza Municipal Reguladora de la Limpieza y Vallado de Terrenos y Solares, se procede a la publicación del acuerdo provisional adoptado en el Pleno Municipal, en la sesión de 7 de marzo de 2019, que se eleva a definitiva al no presentarse reclamaciones, así como el texto íntegro de dicha Ordenanza, cumpliendo con lo dispuesto en el artículo 17.3 y 4 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Se transcribe el acuerdo, así como la Ordenanza Fiscal íntegra.

Modificación de la Ordenanza Municipal Reguladora de la Limpieza y Vallado de Terrenos y Solares.

Capítulo I

Disposiciones generales

Artículo 1.

En ejercicio de las facultades otorgadas a los ayuntamientos por el artículo de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y de conformidad y en desarrollo de lo dispuesto en la legislación urbanística vigente sobre deberes de los propietarios en materia de conservación de bienes inmuebles en condiciones de seguridad, salubridad y ornato público; este Ayuntamiento acuerda establecer la Ordenanza Municipal Reguladora de la Limpieza y Vallado de Terrenos y Solares en los términos que se harán constar en sus disposiciones.

Artículo 2.

La presente disposición tiene la naturaleza de Ordenanza de Policía Urbana y de Construcción, no estando unida a unas directrices de planeamiento concreto, ya que se refiere a regular aspectos de salubridad, de seguridad y puramente técnicos.

Artículo 3.

Están sujetos al cumplimiento de esta Ordenanza los solares y terrenos clasificados como suelo urbano o suelo de núcleo rural por el planeamiento municipal vigente. Igualmente, se sujetan a las condiciones de limpieza de terrenos que en ellas se prevén los terrenos rústicos colindantes con el suelo urbano o de núcleo rural y con edificaciones en parcelas de suelo rústico que le fuese concedida licencia, en una franja que vendrá determinada por la Ley 3/2007, de 9 de abril, de prevención y defensa contra los incendios forestales de Galicia o cualquier otra que la sustituya o modifique.

Artículo 4.

Se entiende por vallado de terrenos a efectos de esta ordenanza, todas aquellas obras exteriores de nueva planta, de naturaleza no permanente, que se limiten a llevar a cabo el simple cerramiento físico del terreno de que se trate por razones de seguridad.

Capítulo II

Limpieza de terrenos dentro del núcleo urbano

Artículo 5.

El alcalde dirigirá la policía rural y sanitaria, (o personal nombrado al efecto), ejerciendo la inspección y control del estado de toda clase de terrenos que estén dentro de la delimitación de los núcleos de población del ayuntamiento, con la finalidad de comprobar el cumplimiento de las condiciones exigibles.

Artículo 6.

Queda prohibido echar basura o residuos de cualquier clase en los solares y terrenos sujetos a las prescripciones de la presente ordenanza, tanto de propiedad pública como privada.

Así mismo, no se permitirá que en los terrenos sin edificar y que no tengan ninguna clase de cultivo agrícola, se dejen crecer malezas, hierbas, árboles resinosos, acacias, eucaliptos, chopos, mimosas, carquejas, helechos, brezos, tojos, retamas, zarzas y cualquier clase de vegetales que hagan que los terrenos presenten un estado claro de abandono.

Artículo 7.

Los propietarios de toda clase de terrenos y construcciones deberán mantenerlos en condiciones de seguridad, salubridad y ornato público, quedándoles expresamente prohibido mantener en ellos basura, residuos, cascotes, o maleza vegetal.

Artículo 8.

Conocida la situación de mal estado de conservación o limpieza de un terreno o solar incluido en el ámbito de la presente Ordenanza, bien sea por denuncia de particular o por iniciativa del propio Ayuntamiento, el alcalde incoará el procedimiento administrativo correspondiente con el objeto de determinar el estado de limpieza y conservación del inmueble y resolver lo procedente, requiriendo la emisión de los informes técnicos y jurídicos oportunos, y una vez evacuados éstos, concediendo a los interesados un plazo de audiencia.

A la vista del expediente tramitado, el alcalde resolverá ordenando la ejecución de las labores de limpieza y adecentamiento precisas a costa del titular del inmueble afectado, concediendo un plazo mínimo de quince días y máximo de dos meses, atendiendo a la magnitud de las labores de limpieza y adecentamiento ordenadas, o bien declarando la no necesidad de proceder a dichas operaciones de limpieza, adecentamiento o conservación.

En el supuesto de incumplimiento de la orden de ejecución por parte del interesado en el plazo concedido, se procederá a la ejecución subsidiaria o a la ejecución forzosa, luego de apercibimiento, mediante la imposición de multas coercitivas de las que la cuantía oscilará entre 300 euros y 6.000 euros, justificando su importe en función de las circunstancias que con-